



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Navegación II		Código	631G01306
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	Castelán/Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña			
Coordinación	Lopez Varela, Pablo	Correo electrónico	pablo.lopez@udc.es	
Profesorado	Lopez Varela, Pablo Salgado Don, Alsira	Correo electrónico	pablo.lopez@udc.es alsira.salgado@udc.es	
Web				
Descripción xeral	A materia está orientada a continuar a formación en navegación astronómica iniciada na materia de navegación e organización do buque mediante a súa aplicación a supostos prácticos, e a fornecer ao alumno un coñecemento completo dos distintos instrumentos e equipos de navegación, dos sistemas electrónicos de determinación da situación e en xeral de todos aqueles que constitúan unha axuda á navegación. Tamén se estudan en profundidade os sistemas de carta de navegación electrónica, os sistemas de radar mariños e os fundamentos da cinemática naval, e impártese unha instrución completa sobre a metodoloxía de planificación da viaxe e a derrota.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Mantense a metodoloxía de lecturas, o resto modifícanse para adaptalas o formato non presencial. *Metodoloxías docentes que se modifican Sesión maxistral: Mantéñense as sesións maxistrais, ca particularidade de que se impartirán a través da plataforma de Microsoft Teams, no horario establecido polo centro. Se fora necesario, tamén se realizarían sesións asíncronas que se colgarían directamente en dito canal. Prácticas de laboratorio: Mantense esta metodoloxía, ca particularidade de que as horas destinadas a realización de exercicios na aula, así como a súa corrección, farase de xeito non presencial. Proba obxectiva e proba práctica: De non ser posible manter a presencialidade destas probas, realizaranse online a través do Moodle e/ou Teams, mantendo os mesmos principios.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Teams: Os docentes estaremos conectados nesta plataforma no horario normal de titorías para atender o alumnado mediante o servicio de chat ou videoconferencia. En caso de verse necesario, estas titorías faranse en grupos reducidos. Foro de dubidas no Moodle: Nel o alumnado pode expoñer cantas dúbihdas considere oportuno, os docentes intentaremos resolvelas o antes posible. Correo electrónico: Como sempre, os docentes da materia estamos a disposición do alumnado a través do correo electrónico. Sen embargo, para facer consultas e expoñer dúbihdas sobre a materia impartida ou os exercicios, é preferible que se faga en Moodle, a través do foro habilitado, xa que así todo o alumnado pode beneficiarse das respuestas.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Manteranse as mesmas metodoloxías de avaliación, cos seus porcentaxes correspondentes. *Observacións de avaliación: A pesar de manterse as metodoloxías de avaliación que figuran na guía docente, estas adaptaranse a non presencialidade do seguinte xeito: Respecto o cómputo da asistencia, tan só se aplicará respecto as clases presenciais. Durante o escenario de non presencialidade, non se realizará control de asistencia. Así, para poder presentarse os exames parciais, terase que asistir a un 80% das clases presenciais realizadas ata ese momento. En caso de que as probas parciais, tanto prácticas como teóricas (obxectivas), se realicen todas elas en situación de non presencialidade, non se esixirá nota mínima en cada unha das probas, e a nota por curso obterase sempre empregando a media aritmética das cualificacións parciais. O mesmo se aplicará o exame oficial de cada oportunidade, en caso de realizarse en condicións exclusivas de non presencialidade, a nota será a media aritmética das partes do exame, sen restrición de nota mínima (en caso de realizarse de xeito híbrido, seguirase o establecido na guía docente).</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán modificacións.</p>
----------------------	--

Código	Competencias / Resultados do título	Competencias / Resultados do título
Resultados da aprendizaxe		
	Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Coñecer os fundamentos do radar e dos sistemas ARPA, e adquirir as competencias teóricas, coñecementos e actitudes respecto ao uso do ARPA establecidos nas táboas das seccións A-II/1 e A-II/2 do Convenio STCW 2010, así como na Orden FOM/2296/2002, de 4 de setiembre de 2002. Ser capaz de interpretar a pantalla do radar/ARPA e de tomar as decisiones oportunas en base ao estudio dos fundamentos da cinemática naval.	A14 A16 A37	B1 B2 B3	C6 C10 C11
		B5 B7 B9 B10 B13 B14 B15 B16 B22 B23 B24	
Coñecer os diferentes sistemas de posicionamento por satélite. Coñecer os diferentes sistemas de determinación da situación e de navegación. Adquírense as competencias, coñecementos e actitudes respecto do establecidos no cadre A-II/1 do Convenio STCW 2010.	A10 A14 A16 A37	B1 B2 B3 B5	C3 C6 C10 C11
		B7 B9 B10 B12 B13 B14 B15 B16 B20	
Coñecer os fundamentos dos sistemas de información e visualización de carta electrónica (ECDIS), e adquirir as competencias teóricas, coñecementos e actitudes respecto ao uso do ECDIS establecidos nas táboas das seccións A-II/1 e A-II/2 do Convenio STCW 2010, así como no Curso Modelo OMI 1.27 e na Resolución de 18 de xuño de 2013 da DGMM.	A10 A14 A16 A28 A37	B1 B2 B3 B5 B7	C3 C6 C10 C11
		B8 B9 B10 B12 B14 B15 B16 B20 B23 B24	



Ser capaz de planificar unha derrota, adquirindo as competencias, coñecementos e actitudes respecto do establecidos no cadre A-II/1 do Convenio STCW 2010.	A10 A14 A28 B7 B8 B9 B10 B12 B13 B15	B1 B2 B3 C6 C10 C11
--	---	--

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: CINEMÁTICA NAVAL	Xeneralidades. Movemento absoluto e relativo. Triángulo de velocidades. Rosa de manobras. Achar o rumbo e velocidade dun buque coñecendo o seu movemento relativo. Estudo do movemento relativo dun buque respecto ao noso: CPA e TCPA. Cinemática anticolisión: Variación do rumbo e/ou a velocidade do noso buque para pasar a unha distancia dada doutro, coñecendo o seu rumbo e velocidade. Alcances: Porse ao costado doutro buque coñecendo o seu rumbo e velocidade (buque parado, cambios de rumbo e/ou velocidad). Casos particulares.
TEMA 2: O RADAR	Directividade da onda transmitida.- Lonxitude do impulso e frecuencia de repetición.- Propagación das ondas: O horizonte radar.- Diagrama de bloques dun radar.- Función dos elementos principais.- Discriminación de brancos.- Diminución do sinal transmitido coa distancia.- Perda de potencia por atenuación e por obstrución.- Diminución do sinal do eco coa distancia.- Diagramas de radiación e de cobertura.- Propagación normal.- Propagación anormal: subrefracción, superrefracción, efectos de canalización, investimentos de subsidiencia.- Absorción dos sinais pola atmosfera.



TEMA 3: ARPA	<p>Principais tipos de sistemas ARPA/APRA e as súas características de presentación.</p> <p>Normas de rendemento. Disposicións de Convenio STCW. Riscos do exceso de confianza no sistema. Coñecemento dos parámetros de rendemento con respecto aos diferentes datos de entrada no sistema. Efectos do funcionamento defectuoso dos detectores na precisión dos datos. Efectos das limitacións que pesan sobre o alcance, a discriminación de demoras e a precisión do radar. Efectos da imprecisión dos datos de entrada (rumbo e velocidad). Coñecemento de en a os factores que inflúen na precisión do vector. Coñecemento dos criterios de selección de brancos por captación automática. Factores para a correcta elección de brancos por captación manual. Efectos da perda e do desmaio de brancos no seguimento. Circunstancias que causan variación calidade do eco e efectos desta na información presentada.</p> <p>Retardos de tratamiento. Cando e como emplegar os avisos operacionais. Vantaxes e limitacións destes. Métodos de comprobación do funcionamento defectuoso do sistema ARPA, incluída a proba automática de funcionamiento. Precaucións a tomar se se produce un defecto de funcionamento. Captación manual e automática de brancos e limitacións de ambos os procedementos. Avaliación dos riscos. Deducción do punto de aproximación máxima previsto e hora de chegada a ese punto. Efectos dos cambios de rumbo e/ou velocidad do buque propio e/ou dos brancos. Efectos dos errores referentes a vectores e a zonas de perigo. Coñecemento correcto dos vectores verdadeiro e relativo. Deducción dos rumbos verdadeiros e velocidades dos brancos. Vantaxes da comutación entre os vectores verdadeiro e relativo.</p> <p>Coñecemento do método de deducción das situacións anteriores dos brancos que se seguen e recoñecemento dos datos históricos como medio indicador das manobras recentes dos brancos e como procedemento para comprobar a validez do seguimento do sistema.</p>
TEMA 4: EMPREGO DO RADAR E DO ARPA	<p>Brancos naturais.- Brancos artificiais en terra.- Ecos de pequenos brancos illados.- Falsos ecos e os seus efectos.- O radar como axuda á navegación: recalada, navegación costeira, practicaxe.- Practicaxe cego.- Medios auxiliares para o uso do radar.- Procedementos para aumentar a intensidade do eco e a identificación.- O radar como equipo anticolisión.- Diario de operacións radar.- Entretemento e conservación do radar. Procedemento correcto de posta en funcionamiento para obter a presentación óptima da información ARPA. Axuste correcto dos mandos variables. Elección da presentación da imaxe. Movemento relativo e verdadeiro. Selección de datos de entrada. Mandos de punteo e captación manual e automática. Escala de tempos. Emprego das áreas de exclusión cando se utiliza a captación automática. Comprobacións xerais do sistema e determinación da precisión dos datos.</p> <p>Comprobacións de rendemento (rumbo e velocidad). Obtención de información utilizando a imaxe obtida en movementos relativo e verdadeiro que comprenda: Identificación de ecos críticos; rumbo e velocidad do branco; momento e distancia no que se alcanzará o punto de aproximación máxima do branco; detección dos cambios de rumbo e de velocidad aisladamente e combinados co propio buque; relación da proba de manobra hipotética; análise das situacións que encerrán risco de abordaxe partindo da información presentada; determinación e aplicación de medidas para evitar situacións de aproximación excesiva de conformidade co Regulamento internacional para previr abordaxes na mar.</p>



TEMA 5: SISTEMAS ELECTRÓNICOS DE DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN E DE NAVEGACIÓN	<p>Capacidade para determinar a situación do buque utilizando axudas náuticas electrónicas.</p> <p>O sistema GPS.</p> <p>Compoñente de control e sector de usuario.</p> <p>Sistemas de medida.</p> <p>Métodos de posicionamento.</p> <p>O GPS diferencial.</p> <p>Sistemas hiperbólicos de navegación.</p> <p>O GNSS.</p>
TEMA 6: O ECDIS	<p>Aspectos e requisitos legais</p> <p>Elementos das cartas electrónicas</p> <p>Gardas con cartas electrónicas</p> <p>Planificación da travesía</p> <p>Obxectivos, cartas e sistema ECDIS</p> <p>Funcións e indicacións de navegación adicionais</p> <p>Erros nos datos presentados e de interpretación</p> <p>Responsabilidade e avaliación da competencia</p> <p>Perigos da dependencia excesiva do ECDIS</p>
TEMA 7: EQUIPOS DE AXUDA A NAVEGACIÓN	<p>Ecosondas e correderas: capacidade para manexar estes aparatos e utilizar correctamente a información</p> <p>O AIS.</p> <p>O LRIT.</p> <p>Os compases saletitarios.</p> <p>Compases magnéticos e xiroscópicos: coñecementos dos principios do compás magnético e do xirocompás.</p>
TEMA 8: A PLANIFICACIÓN DA DERROTA	<p>O plan da viaxe.</p> <p>As súas fases.</p> <p>Valoración.</p> <p>Planificación.</p> <p>Execución do plan.</p> <p>Seguimento.</p>
TEMA 9: EXERCICIOS - PLANIFICAR E DIRIXIR UNHA TRAVESÍA E DETERMINAR A POSICIÓN	<p>Navegación astronómica e de estima: capacidade para determinar a situación do buque utilizando os corpos celestes.</p> <p>Cinemática naval aplicada.</p>
Nota: O desenrollo dos contidos anteriores cumple ca columna 2, Coñecementos, Comprensión e Suficiencia, do Convenio STCW, modificado por Manila 2010, do cadre AII/1.	.
O desenvolvemento e superación destes contidos, xunto cos correspondentes a outras materias que inclúan a adquisición de competencias específicas da titulación, garanten o coñecemento, comprensión e suficiencia das competencias recollidas no cadre AII/2, do Convenio STCW, relacionadas co nivel de xestión de Primeiro Oficial de Ponte da Mariña Mercante, sen limitación de arqueo bruto e Capitán da Mariña Mercante ata o máximo de 3.000 GT.	<p>Cadro A-II/2 del Convenio STCW.</p> <p>Especificación de las normas mínimas de competencia aplicables a Capitáns y primeiros oficiais de ponte de buques de arqueo bruto igual ou superior a 500 GT.</p>

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A10 A14 A16 A28 A37 B1 B3 B7 B8 B9 B10 B14 B15 B16 B20 B22 B23 B24 C3 C6 C10 C11	34	51	85
Prácticas de laboratorio	A10 A14 A28 A37 B1 B2 B3 B5 B7 B8 B9 B10 B12 B13 B14 B15 B16 B22 B23 C3 C6 C10 C11	10	27	37
Lecturas	A10 A14 A16 A37 B1 B3 B5 B12 B14 B15 B23 C3 C6	0	6	6
Proba práctica	A10 A14 A28 A37 B2 B3 B9 B14 B22 C6 C10	3	6	9
Proba obxectiva	A10 A14 A16 A28 A37 B2 B3 B13 B14 C10	2	7	9
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	<p>Exposición oral da materia complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>Dentro de esta dinámica a intervención dos alumnos estará aberta para a realización de preguntas ou comentarios, que poderían dar lugar a debates abertos.</p> <p>Os textos e/ou presentacións audiovisuais empregados se porán a disposición do alumnado ca antelación suficiente como para que podan leela de forma previa.</p>
Prácticas de laboratorio	Realización de exercicios de carácter práctico relacionados cos conceptos teóricos explicados nas sesións maxistrais.
Lecturas	Documentación facilitada aos alumnos onde se profunda sobre os contidos a desenvolver na materia.
Proba práctica	Proba na que se busca que o alumno realice un exercicio práctico, parecido os realizados durante as clases prácticas. A proba práctica pode incluir previamente a resolución dunha pregunta/problema que teña como resultado a aplicación práctica dunha determinada técnica ou práctica aprendida.
Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respuestas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, etc.</p> <p>A proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de respuesta breve, e/ou de desenvolvemento. Tamén se pode construír cun só tipo dalgunha destas preguntas.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción



Sesión maxistral	O seguimento do traballo realizado polos alumnos, tanto nas clases teóricas como prácticas, realizarase de forma continua na aula e, no caso de que se detecten necesidades específicas, estableceranse tutorías adicionais de carácter individual ou en grupo moi reducido de apoio e para resolución de dúbidas.
------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba práctica	A10 A14 A28 A37 B2 B3 B9 B14 B22 C6 C10	Para o alumnado cunha asistencia regular a clase (ao menos o 80%) realizaranse, a o largo do cuatrimestre, un mínimo de tres probas prácticas para avaliar o seguimento do traballo realizado durante o cuatrimestre. Estas probas consistirán nun ou varios exercicios de navegación ortodrómica, cinemática naval e/ou navegación astronómica, propostos de forma independente ou combinada. Estas probas poderán realizarse nunha única sesión ou en varias. Con esta metodoloxía avaliaranse as competencias A10, A14, A28, A37, B2, B3, B9, B14, B22, C6, C10.	45
Proba obxectiva	A10 A14 A16 A28 A37 B2 B3 B13 B14 C10	Para o alumnado cunha asistencia regular a clase (ao menos o 80% das clases) realizarase, ao largo do cuatrimestre, un mínimo de dúas probas teóricas para avaliar o seguimento do traballo realizado durante o cuatrimestre. Estas probas poderán realizarse nunha única sesión ou en dúas. Con esta metodoloxía avaliaranse as competencias A10, A14, A16, A28, A37, B2, B3, B13, B14, C10.	45
Prácticas de laboratorio	A10 A14 A28 A37 B1 B2 B3 B5 B7 B8 B9 B10 B12 B13 B14 B15 B16 B22 B23 C3 C6 C10 C11	O longo do curso proporanse varias prácticas availables, ben na aula, ben na da facultade virtual. Con esta metodoloxía avaliaranse as competencias A10, A14, A28, A37, B1, B2, B3, B5, B7, B8, B9, B10, B12, B13, B14, B15, B16, B22, B23, C3, C6, C10, C11.	10
Outros			

Observacións avaliación



O sistema de evaluación

descrito, constitúe a denominada evaluación continua, e o alumnado que supere tódalas probas parciais (5 en total: 3 prácticas e 2 teóricas) cunha nota media igual ou superior a 5 non terá que presentarse ao exame final da primeira oportunidade, a non ser que desexen subir a nota do curso. As probas avaliaranse en base 10, e a nota mínima para poder compensar por media aritmética cada unha de elas a hora de obter a nota do curso será dun 3,5. En caso de obter nalgúnha das probas unha nota inferior a un 3,5, a nota por curso será de suspenso (nota máxima dun 4).

En caso de non presentarse

a algunha das probas parciais, considerarase que o alumno non está seguindo o sistema de evaluación continua descrito e será avaliado por curso como non presentado.

O alumnado que non siga o

sistema de evaluación continua descrito ou suspenda a materia por curso, deberá presentarse ao exame final da convocatoria oficial, no cal entrará a totalidade da materia. As probas parciais superadas cunha nota maior ou igual a 5, librarán materia para o exame final da primeira oportunidade, pero non para o da segunda oportunidade (o alumnado que deba examinarse na segunda oportunidade deberá facelo da totalidade da materia).

O exame final (tanto da primeira coma da segunda oportunidade) constará de varias partes claramente diferenciadas en canto a contido e metodoloxía de resolución (por exemplo, diferentes partes de teoría ou diferentes tipos de exercicios), que se corrixirán por separado en base 10. Sempre e cando a nota de cada unha de ditas partes sexa igual ou superior a un 3,5, a nota do exame será a media aritmética das partes. En caso de obter en algunha das partes do exame unha nota inferior a 3,5, a nota do exame será de suspenso (máxima nota 4). En caso de non presentarse a algunha das partes, a nota do exame será de cero.

O alumnado con recoñecemento de dedicación a

tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia non se lle exixirá unha asistencia mínima para poder presentarse as probas parciais, sempre e cando os profesores sexan debidamente informados ao principio do curso. Asemade, deberá acordarse co docente unha serie de tutorías (presenciais ou non presenciais) o longo do curso para acreditar o seguimento da materia.

Os criterios de evaluación

contemplados no cadre A-II/1 do Código STCW na súa forma emendada, e recollidos no Sistema de Garantía de Calidade, teranse en conta á hora de deseñar e realizar a evaluación.

Fontes de información



Bibliografía básica	INTEGRATED BRIDGE SYSTEMS VOL 1: RADAR AND AIS - The Nautical Institute INTEGRATED BRIDGE SYSTEMS VOL 2: ECDIS AND POSITIONING - The Nautical Institute NAVIGAZIONE VOL. I Y II. Ideale Capasso, Sergio Fede ELECTRONIC SURVEYING AND NAVIGATION ? Simo H. Laurila RADAR NAVIGATION AND MANEUVERING BOARD MANUAL ? National Imagery And Mapping Agency (http://msi.nga.mil/NGAPortal/MSI.portal?_nfpb=true&pageLabel=msi_portal_page_62&pubCode=0008) CI NEMATICA ANTICOLISIÓN ? Jesús Uribe-Echebarria PILOTING WITH ELECTRONICS ? Luke Melton RADAR AND ARPA MANUAL ? A. G. Bole & W.O. Dineley DUTTONS NAVIGATION & PILOTING ? Maloney AMERICAN PRACTICAL NAVIGATION ? Bowditch (http://msi.nga.mil/NGAPortal/MSI.portal?_nfpb=true&pageLabel=msi_portal_page_62&pubCode=0002) BRIDGE TEAM MANAGEMENT. A PRACTICAL GUIDE ? Capt. A.J. Swift ? The Nautical Institute THE ELECTRONIC CHART DISPLAY AND INFORMATION SYSTEM (ECDIS): AN OPERATIONAL HANDBOOK - Adam Weinrib CONVENIO INTERNACIONAL PARA LA SEGURIDAD DE LA VIDA HUMANA EN EL MAR (SOLAS)
Bibliografía complementaria	

Recomendacíons

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Navegación I/631G01202

/

Navegación e Organización do Buque/631G01212

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Simulación Náutica/631G01402

Observacíons



A materia de

Navegación II é unha continuación directa das materias do 2º curso Navegación I e Navegación e organización do buque, e os seus contidos daranse por asimilados. A un alumno que non adquirise as competencias previas das materias mencionadas resultaralle praticamente imposible cursar de forma proveitosa esta materia, especialmente no referente á parte práctica.

O mesmo sucede respecto desta

materia e a súa continuación no 4º curso, Simulación Náutica, a cal se basea na realización de exercicios de simulación. Nestes exercicios se parte da base de que os alumnos xa asimilaron os contidos teóricos impartidos en Navegación II, polo que aqueles que non cursasen previamente esta, difficilmente poderán cursar Simulación Náutica. Esta materia inclúe os contidos

teóricos correspondentes ó curso de especialidade ?ECDIS: Cartas electrónicas?

(27,5 horas) establecidos na Sección A-II/1 e A-II/2 do STCW 78/95/10, conforme

o curso modelo OMI 1.27, que se desenvolve a continuación:1.- Elementos del ECDIS2.- A garda de mar con ECDIS3.- Monitorización e planificación da ruta ECDIS4.- Brancos, cartas e sistemas

ECDIS5.- Responsabilidade e evaluación

ECDISPara a obtención do certificado

de especialidade ?ECDIS: Cartas electrónicas? é necesaria a superación desta materia

e da materia de Simulación Náutica (631G01402), na cal se inclúen os contidos prácticos correspondentes (40 horas en total). Esta materia tamén inclúe os contidos teóricos correspondentes ó curso de especialidade ?Radar de Punteo

Automático (ARPA)? (12 horas) establecidos na Sección A-II/1 e A-II/2 do STCW

78/95/10, cubrindo entre outros os seguintes:- Coñecemento dos fundamentos do radar e das axudas de punteo radar automáticas (APRA).- Capacidade para utilizar o

radar e para interpretar e analizar a información obtida.- Utilización.- Capacidade para utilizar o

APRA, interpretar e analizar a información obtida.- Determinación da situación.- Valoración dos erros do sistema

e profunda comprensión dos aspectos operacionais.- Planificación do practicaxe sen

visibilidade.- Avaliación dos datos náuticos obtidos

a fin de adoptar e aplicar decisións que permitan evitar a abordaxe e dirixir a

navegación segura do buque.Todo elo conforme o programa

establecido na ORDEN FOM/2296/2002, de 4 de setembro, cuxo contido se desenvolve

no ?Tema 3: ARPA? da presente guía docente, e tendo en conta ademais as

directrices establecidas nos cursos modelo OMI 1.07 e 1.08.Para a obtención do certificado

de especialidade ?Radar de Punteo Automático (ARPA)? é necesaria a superación desta

materia e da materia de Simulación Náutica (631G01402), na cal se inclúen os contidos

prácticos correspondentes (30 horas en total).

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías